

O PSOE de Vilalba pide ao alcalde que prohíba durante as Patronais o estacionamento de vehículos de grandes dimensións nas inmediacións do Centro de Saúde para non dificultar o acceso aos usuarios

Anuncian que tamén pedirán ao equipo de goberno que realice coa antelación suficiente as xestións para facilitar un lugar acaído para aparcas os vehículos propiedade dos donos de atraccións, e que este estea o suficientemente alonxado do ambulatorio, de tal xeito que así se eviten os problemas ocasionados ao respecto

A limpeza da Fonte da Porta de Cima; a colocación dunha axeitada sinalización vertical do Camiño de Santiago, ao seu paso polo centro urbano; e o arranxo dos elementos que compoñían o parque biosaudable, situados no paseo fluvial do río Magdalena, así como o estado do firme do paseo, outros asuntos polos que se interesarán os socialistas na sesión plenaria

VILALBA, 30 DE SETEMBRO DE 2014.- Os socialistas de Vilalba esixirán ao Goberno municipal no Pleno, que a Corporación celebrará este xoves, a prohibición de forma permanente do estacionamento de camións, caravanas e autocaravanas no contorno do Centro de Saúde para respectar o dereito dos usuarios aos servizos que alí se prestan sen incrementar as dificultades que poidan ter por mor da súa situación persoal.

O PSOE adoptou esta decisión debido a que, unha vez máis, cando se aproximan as datas de celebración das Festas Patronais, rexorden os problemas derivados da instalación de atraccións nas proximidades do centro sanitario e do estacionamento de vehículos de gran tamaño, que permanecen alí aparcados de forma permanente máis dunha semana, impedindo a súa utilización polos usuarios do Centro de Saúde ou do PAC de Vilalba cos conseguintes inconvenientes para todos pero, dunha forma especial, para aquelas persoas con mobilidade limitada que non se poden desprazar polos seus medios un traxecto longo.

Os socialistas, afirma Elba Veleiro, “xa denunciámos esta situación en numerosas ocasións pero témolo que facer novamente porque non cremos que empregar o perímetro do Centro de Saúde como aparcadoiro destes vehículos sexa o mais acaído, especialmente por motivos de hixiene e de sensibilidade cos problemas de mobilidade de moitos usuarios das instalacións do SERGAS en Vilalba”. Por este motivo, Veleiro anuncia que tamén pedirán ao equipo de goberno que realice coa antelación suficiente as xestións para facilitar un lugar acaído para aparcas os vehículos propiedade dos donos de atraccións, e que este estea o suficientemente alonxado do ambulatorio.

“Este ano foi especialmente chamativo”

“Este ano foi especialmente chamativo”, subraia os socialista, pois, ademais de bloquear totalmente as prazas de aparcadoiro a carón do ambulatorio con camións e caravanas, chegouse a utilizar valos metálicos e sinais de prohibido circular para ordenar a circulación de vehículos en determinados momentos. A este respecto, tamén cabe reseñar, indica, a utilización dos sumidoiros para baleirado de augas e, incluso, se empregou a terraza do propio centro (na súa fachada posterior) como sala de estar/comedor dos propietarios das autocaravanas.

“De todos estes feitos supoñemos que o equipo de goberno do concello ten coñecemento porque entendemos que ao longo de 10 días algún dos responsables se aproximaría por alí para

comprobar como se situaran as atraccións e os seus propietarios, xa que pagan as correspondentes taxas para desenvolver a súa actividade. Con esta intención levamos este asunto ao Pleno, agardando que dende o Partido Popular se nos aclaren todas e cada unha destas cuestións”, destaca Elba Veleiro.

“Gorrillas” no campo da Feira

Así mesmo, e dado que nos aparcadoiros habilitados para os festexos, principalmente no Campo da Feira, se detectou a presenza de persoas que ordenaban o estacionamento dunha maneira interesada, os socialistas tamén esixirán ao rexedor que concrete que accións emprendeu o concello para que as persoas que pretendían deixar no lugar o seu vehículo non se visen coaccionadas e se a entidade local ten constancia da aparición eses días de coches “con raiazos”.

Rogos e preguntas

No apartado de Rogos e Preguntas, os socialistas tamén solicitarán ao concello que proceda, na maior brevidade posible, á limpeza e acondicionamento da Fonte da Porta de Cima, de tal xeito que tamén leve a cabo as xestións precisas para determinar a potabilidade das súas augas, deixando constancia da mesma na correspondente placa informativa para os posibles usuarios.

Neste senso, tamén demandarán á entidade local que proceda á colocación da sinalización vertical do Camiño de Santiago, ao seu paso polo centro urbano, xa que defenden que as sinais deben estar colocadas en lugares con clara visibilidade para os peregrinos e deben ser dun material que soporte a acción dos axentes meteorolóxicos, non como as actuais que “son un folio introducido nunha bolsa de plástico”, denuncia a socialista.

Doutra banda, pedirán explicacións ao alcalde de por qué os elementos que compoñían o parque biosaudable, situados no paseo fluvial do río Magdalena, e que foron retirados para ser arraxados e posteriormente situalos noutro emprazamento, aínda non están en condicións de ser usados. Neste mesmo lugar, o firme do paseo está a ocasionar o derrube dunha parte da presa do pasos. É por iso, que tamén esixirán que o equipo de goberno expoña cales son as accións que ten previstas para evitar que este emprazamento se siga deteriorando.

Finalmente, e tal e como figura na Orde do Día, interesaranse, primeiro, pola tala dunha árbore de considerables dimensións levada a cabo nas inmediacións do CEIP Insua Bermúdez por varios operarios municipais, e, segundo, polas previsións da entidade local ante a aplicación do Real Decreto que rexe a implantación do canon por préstamo bibliotecario. Neste caso, pedirán ao rexedor que concrete o cálculo da cantidade que correspondería pagar pola aplicación desta taxa e se esta entrará en vigor no presente exercicio ou en 2015.